

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM01	Carpintaría e moble	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0547	Acabamentos en carpintaría e moble	2024/2025	4	87	87

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ÁLVARO BLANCO VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

DECRETO 182/2011, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en carpintaría e moble.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos/as, nun contexto de aprendizaxe, que lles permita conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociado a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que han proporcionar o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo posibilita que o alumnado complete a formación adquirida no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos en situacións reais de traballo no ámbito produtivo do centro, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Este módulo profesional contén a formación asociada á función de acabado de produtos de carpintaría e moble.

A definición desta función abrangue aspectos como:

- ¿ Identificación e manexo de equipamentos de aplicación de produtos.
- ¿ Análise da documentación técnica dos produtos.
- ¿ Preparación e aplicación de produtos de acabado decorativo.
- ¿ Preparación e aplicación de produtos de acabado empregando medios automáticos.
- ¿ Xestión dos residuos xerados.
- ¿ Aplicación de tinturas e acabamentos decorativos.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- ¿ Traballos preparatorios dos equipamentos de aplicación.
- ¿ Manexo dos produtos en condicións de seguridade e saúde laboral.
- ¿ Preparación, mestura e aplicación de produtos.
- ¿ Limpeza e mantemento de utensilios en condicións de uso.
- ¿ Técnicas de hixiene, seguridade e saúde ambiental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), d), e), g), h), i), j), k), l), m), n) e o) do ciclo formativo, e as competencias profesionais, persoais e sociais a), b), d), e), g), h), i), j), k), l), m) e ñ).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- ¿ Identificación dos produtos segundo especificacións de fábrica, mediante fichas técnicas que permitan a preparación e a aplicación de produtos en madeira e derivados.
- ¿ Secado e curado das superficies nos tempos establecidos e en condicións de seguridade e saúde laboral.

Este módulo profesional que está incluído no currículo do ciclo medio de carpintería e moble, impartido na modalidade presencial, quenda de mañá, e que debido ás súas características esta pensado para alumnos que terán o seu primeiro contacto, na maioría dos casos co módulo de acabamentos desenvolveremos unha serie de procesos que lles aporten un base firme de cara a poder exercer este oficio, tendo en conta as características do noso entorno profesional próximo.

Os alumnos aprenderán, de forma práctica os fundamentos básicos do módulo, estas prácticas están baseadas nas tarefas que se desenvolverán, no noso entorno laboral próximo, que faga os acabamentos de carpinterías e moble. Co fin de que os alumnos acaden unha información e formación básica para desenvolver as tarefas relacionadas co Módulo Profesional e facilitarlles a transición do centro educativo o mundo laboral.

Ao ser a primeira toma de contacto co módulo, que terán que:

- Preparar soportes para acabado.
- Transportar e apilar soportes de acabado.
- Recoñecer,manexar e mesturar produtos de acabado.
- Utilizar equipos ou útiles, de aplicación.
- Facer aplicacións sobre soportes.
- Mantemento básico das máquinas e equipos de aplicación.
- Limpar e ordenar o taller, que como lugar de traballo, terá que ter unhas condicións óptimas de hixiene e seguridade.
- Utilizalos EPIs de forma axeitada e empregalos apropiados segun o tipo de risco..

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparar soportes para acabado.	Cofecer as características básicas dos soportes, transporte, manexo e apilado de soportes, técnicas de lixado, equipos/máquinas a empregar ( mantemento operativo ) para a preparación de soportes para aplicar produtos de acabado.	25	25
2	Produtos para acabamentos de carpintería e moble	Identificar, relacionar e empregar os produtos, facer mesturas para a aplicación de acabados de carpintería e moble	25	25
3	Equipos para a aplicación de produtos en acabados de carpintería e moble	Cofecer e empregar os diferentes tipos de máquinas/equipos e útiles: manexo, aplicación, mantemento e limpeza.	25	25
4	Medidas de seguridade, e normativa aplicable a preparación de soportes para acabado	Empregar a/s: normativa de produto, normas de seguridade e saúde laboral e normativa medio ambiental aplicables a preparación de soportes para acabado. Xestión de residuos	12	25

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparar soportes para acabado.	25

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Comproba características superficiais do soporte, identifica os defectos e describe as medidas correctoras.	NO

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Revisáronse as superficies de aplicación e comprobouse que non presenten raias, fendas nin marcas de mecanizado.
CA1.2 Comprobouse que os soportes de aplicación non conteñan manchas nin produtos incompatibles co produto que se vaia aplicar.
CA1.3 Identifícaronse os soportes e valoráronse as súas calidades para a aplicación de produtos.

Criterios de avaliación
CA1.4 Revisouse que a preparación superficial sexa a adecuada en función do acabado solicitado.
CA1.5 Determinouse a granulometría dos abrasivos para empregar en función do tipo de soporte que se vaia preparar.
CA1.6 Empregáronse máquinas e utensilios de lixar e puír.
CA1.7 Identificáronse as medidas correctoras nos defectos superficiais detectados.
CA1.8 Manexáronse e transportáronse as pezas antes da aplicación do produto de acabado e durante ela, cos medios idóneos.
CA1.10 Limpáronse e aclimatáronse os soportes antes da aplicación.
CA1.11 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA1.12 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.

#### 4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Idoneidade de superficies de madeira e derivados para aplicación.</p> <p>Aclimatación de soportes.</p> <p>Extracción de po de lixadura.</p> <p>Residuos das cabinas de aplicación: filtros.</p> <p>Envases. Restos de produtos non empregados.</p> <p>Riscos característicos das instalacións e dos procesos de acabado.</p> <p>Elementos de seguridade.</p>

#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Produtos para acabamentos de carpintería e moble	25

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara produtos de acabado, para o que interpreta instrucións de fábrica e mestura os seus compoñentes en condicións de seguridade e saúde laboral.	SI
RA4 - Controla o proceso de secado e curado, identifica os defectos e describe as medidas correctoras.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Realízase a mestura de produtos respectando as follas de seguridade de cada produto.
CA2.2 Mestúranse os produtos considerando a súa compatibilidade.
CA2.3 Mestúranse os produtos respectando a proporcionalidade especificada na ficha do produto.
CA2.4 Realízase a preparación de produtos de acabado coa viscosidade adecuada ao equipamento de aplicación.
CA2.5 Respectáronse as instrucións de fábrica na adición de disolventes.
CA2.6 Entoáronse produtos considerando a compatibilidade.
CA2.7 Preparáronse produtos na cantidade idónea para a superficie que se vaia tratar.
CA2.8 Preparáronse os produtos segundo o lugar ao que vaian ir destinados.
CA2.9 Limpáronse os utensilios, os accesorios e os recipientes de medida utilizando o produto adecuado, e deixáronse en condicións óptimas.
CA2.10 Preparáronse os produtos en condicións ambientais adecuadas, respectando as normas de saúde laboral.
CA2.11 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA2.12 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.
CA4.1 Realízase o secado e o curado en condicións ambientais adecuadas, segundo as especificacións técnicas dos produtos.

**Criterios de avaliación**

CA4.2 Controlouse que o secado e o curado se realicen segundo o proceso previsto nas especificacións técnicas dos produtos.

CA4.3 Controlouse a calidade en todo o proceso de secado e curado.

CA4.5 Comprobáronse as características das pezas acabadas.

**4.2.e) Contidos**
**Contidos**

Preparación de produtos segundo equipamentos e técnica de aplicación.

Compatibilidade de produtos para acabado.

Proporcionalidade en mesturas de produtos.

Control da viscosidade.

Produtos para aplicación manual de acabamentos decorativos: propiedades.

Afinidade de produtos de aplicación manual co soporte.

Residuos das cabinas de aplicación: filtros.

Envases. Restos de produtos non empregados.

Riscos característicos das instalacións e dos procesos de acabado.

Elementos de seguridade.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Equipos para a aplicación de produtos en acabados de carpintería e moble	25

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Comproba características superficiais do soporte, identifica os defectos e describe as medidas correctoras.	NO
RA3 - Realiza acabamentos protectores e decorativos sobre superficies de madeira e derivados con medios mecánicos e manuais, e xustifica a selección do produto.	SI
RA4 - Controla o proceso de secado e curado, identifica os defectos e describe as medidas correctoras.	NO
RA5 - Aplica procedementos de xestión de residuos, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.6 Empregáronse máquinas e utensilios de lixar e puír.
CA3.1 Selecciónáronse os medios manuais en función do traballo que se vaia realizar.
CA3.2 Realizouse a aplicación mediante operacións manuais.
CA3.3 Realizouse a aplicación coas máquinas, os equipamentos e os utensilios adecuados ao tipo de produto
CA3.4 Realizouse a aplicación das tinguiduras en diferenzas de ton e intensidade nas pezas dun conxunto.
CA3.5 Comprobase que as pezas tinxidas estean exentas de manchas e irregularidades de ton.
CA3.6 Aplicouse o acabado decorativo coa técnica e cos medios adecuados, segundo o tipo de produto.
CA3.7 Aplicouse a capa de produto coa micraxe adecuada.
CA3.8 Controlouse a calidade en todo o proceso de aplicación.
CA3.9 Realizouse a aplicación do acabado decorativo segundo a terminación solicitada.
CA3.10 Limpáronse os utensilios e os accesorios utilizando o produto adecuado, e deixáronse en condicións óptimas.

Criterios de avaliación
CA3.11 Utilizáronse correctamente os equipamentos de protección persoal e ambiental que garantan as condicións de seguridade axeitadas.
CA3.12 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA3.13 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.
CA4.1 Realizouse o secado e o curado en condicións ambientais adecuadas, segundo as especificacións técnicas dos produtos.
CA4.2 Controlouse que o secado e o curado se realicen segundo o proceso previsto nas especificacións técnicas dos produtos.
CA4.3 Controlouse a calidade en todo o proceso de secado e curado.
CA4.4 Comprobáronse os parámetros dos equipamentos utilizados no secado de produtos por reacción química.
CA4.5 Comprobáronse as características das pezas acabadas.
CA4.6 Realizáronse as operacións de mantemento de primeiro nivel dos equipamentos de curado e secado.
CA5.1 Separáronse os residuos no proceso de aplicación coa frecuencia establecida.
CA5.2 Extraeuse o po da lixadura cos medios adecuados.
CA5.7 Efectuouse a manipulación de residuos utilizando as proteccións e medios adecuados para preservar a seguridade e a saúde laboral.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Procedementos e operacións en aplicación manual (pistolas tipo convencional, HVLP e electrostática, equipamentos de presión tipo airmix ou airless, etc.).</p> <p>Utensilios en aplicación manual: pincel, rolete, pistolas aerográficas, etc.</p> <p>Sistemas de secado.</p> <p>Control de calidade no proceso: temperatura, humidade, ventilación e pureza do aire, etc.</p> <p>Extracción de po de lixadura.</p>

Contidos
Residuos das cabinas de aplicación: filtros.
Envases. Restos de produtos non empregados.
Riscos característicos das instalacións e dos procesos de acabado.
Elementos de seguridade.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Medidas de seguridade, e normativa aplicable a preparación de soportes para acabado	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Comproba características superficiais do soporte, identifica os defectos e describe as medidas correctoras.	NO
RA2 - Prepara produtos de acabado, para o que interpreta instrucións de fábrica e mestura os seus compoñentes en condicións de seguridade e saúde laboral.	NO
RA3 - Realiza acabamentos protectores e decorativos sobre superficies de madeira e derivados con medios mecánicos e manuais, e xustifica a selección do produto.	NO
RA4 - Controla o proceso de secado e curado, identifica os defectos e describe as medidas correctoras.	NO
RA5 - Aplica procedementos de xestión de residuos, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.9 Valorouse a posibilidade de empregar outros produtos, como ceras, aceites, decapantes, etc.
CA2.9 Limpáronse os utensilios, os accesorios e os recipientes de medida utilizando o produto adecuado, e deixáronse en condicións óptimas.
CA2.10 Preparáronse os produtos en condicións ambientais adecuadas, respectando as normas de saúde laboral.

Criterios de avaliación
CA3.10 Limpáronse os utensilios e os accesorios utilizando o produto adecuado, e deixáronse en condicións óptimas.
CA3.11 Utilizáronse correctamente os equipamentos de protección persoal e ambiental que garantan as condicións de seguridade axeitadas.
CA4.6 Realizáronse as operacións de mantemento de primeiro nivel dos equipamentos de curado e secado.
CA4.7 Respectáronse as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no proceso de secado e curado dos produtos aplicados.
CA4.8 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA4.9 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.
CA5.1 Separáronse os residuos no proceso de aplicación coa frecuencia establecida.
CA5.3 Almacenáronse os residuos en contedores adecuados e no lugar determinado, cumprindo as normas de xestión de residuos.
CA5.4 Depositáronse os residuos (produto, filtros, envases, etc.) en contedores adecuados para a súa posterior xestión ambiental a través de xestores autorizados.
CA5.5 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación e no manexo de produtos para acabado da madeira e derivados.
CA5.6 Relacionouse a manipulación de materiais, equipamentos e utensilios coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA5.7 Efectuouse a manipulación de residuos utilizando as proteccións e medios adecuados para preservar a seguridade e a saúde laboral.
CA5.8 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.
CA5.9 Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
CA5.10 Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Precaucións durante a manipulación dos soportes antes do acabado.
Riscos característicos na manipulación, na mestura e no manexo de produtos de acabado.

## Contidos

Riscos característicos das instalacións e dos procesos de acabado.

Elementos de seguridade.

Riscos característicos das instalacións e dos procesos de acabado.

Elementos de seguridade.

Extracción de po de lixadura.

Residuos das cabinas de aplicación: filtros.

Envases. Restos de produtos non empregados.

Riscos característicos das instalacións e dos procesos de acabado.

Elementos de seguridade.

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para acadar avaliación positiva:

- Revisouse a superficie de aplicación e comprobouse que non presente raias, fendas nin marcas de mecanizado.
- Comprobouse que os soportes de aplicación non conteñan manchas ou compostos incompatibles co produto que se vaia aplicar.
- Identificouse o tipo de soporte valorando as súas calidades para a aplicación.
- Revisouse que a preparación superficial sexa a adecuada en función do acabado solicitado.
- Determinouse a granulometría dos abrasivos a empregar en función do tipo de soporte e empregouse a maquinaria e utensilios de lixar e pulir para o afinado de soportes.
- Identificouse o tipo de medidas correctoras aplicables nos defectos superficiais detectados.
- Mesturouse o produto considerando a súa compatibilidade e respectando a proporcionalidade especificada de fábrica.
- Realizouse a preparación de produtos de acabado coa viscosidade axeitada.
- Respectáronse as instrucións de fábrica na adición de disolventes.
- Entoáronse produtos considerando a compatibilidade.
- Preparouse o produto segundo tipo de acabado requirido.
- Operouse con autonomía nas actividades propostas ( lixado, selección de medios, aplicacións prácticas na preparación de soportes, mesturas e aplicacións de acabamentos, ), mantendo unha actitude

responsable, ordenada e metódica Realizouse a aplicación mediante operacións manuais. Realizouse a aplicación coas máquinas, os equipamentos e os utensilios adecuados ao tipo de produto.

- Realizouse a aplicación das tingiduras en diferenzas de ton e intensidade nas pezas dun conxunto.
- Comprobouse que as pezas tinxidas estean exentas de manchas e irregularidades de ton.
- Aplicouse o acabado decorativo coa técnica e cos medios adecuados, segundo o tipo de produto .
- Realizouse a aplicación do acabado decorativo segundo a terminación solicitada.
- Utilizáronse correctamente os equipamentos de protección persoal e ambiental que garantan as condicións de seguridade axeitadas.
- Aplicouse método de limpeza e xestión de residuos aplicando as normas de seguridade e protección ambiental.
- Limpáronse os utensilios, os accesorios e os recipientes de medida utilizando o produto adecuado, e deixáronse en condicións óptimas.
- Preparouse a mestura en condicións ambientais adecuadas, respectando as normas de saúde laboral.
- Limpáronse os utensilios e os accesorios utilizando o produto adecuado, e deixáronse en condicións óptimas.
- Extraeuse o po da lixadura cos medios adecuados.
- Efectuouse a manipulación de residuos utilizando as proteccións e medios adecuados para preservar a seguridade e a saúde laboral.
- Demostrouse predisposición cara á aprendizaxe.
- Adoptouse un comportamento e unha actitude de responsabilidade e de respecto polo traballo en equipo, e cara aos compañeiros e as compañeiras.
- Realizouse o secado e o curado en condicións ambientais adecuadas, segundo as especificacións técnicas dos produtos.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS

##### CRITERIOS PRÁCTICOS-TALLER

Criterios de avaliación:

##### - 45% PROBA/S ESCRITA/S

Realizarase unha ou varias probas escritas por trimestre.

Os contidos da/s mesma/s serán os que figuran no apartado RECURSOS da Aula Virtual.

Na documentación entregada ao alumno/a o día da proba, figurará a puntuación de cada apartado/punto/pregunta. No caso de haber varias probas deste tipo farase unha media ponderada das mesmas en relación a importancia/peso das mesmas con respecto ao total das probas realizadas.

-45% da nota mediante procedementos: exercicios prácticos de taller. Entregaráselles aos alumnos unha táboa de cualificacións dos diferentes aspectos que se valoran destas prácticas.

O 10% restante será actitudinal: Valoraranse estas actitudes:

- Puntualidade.
- Atención.
- Orde e limpeza.
- Actitude perante ao traballo.
- Obrigatoriedade do uso de EPIs .

O alumno superará o módulo se acada valoracións positivas nos tres criterios: Conceptos, Procedementos e Actitude. A valoración negativa de algún destes criterios implica a recuperación total ou parcial do mesmo.

Cada exercicio considerase APTO si ten unha nota mínima de 5 puntos.

Os exercicios NON APTOS repetiránse ata acadar a nota mínima ( 5 puntos) na seguinte avaliación ou no período de recuperación a finais do último trimestre (Xuño).

Tódolos/as alumnos/as teñen que facer tódolos exercicios e que sexan aptos para superar o módulo.

Entregaráselles aos alumnos/as táboas de cotexo de puntuacións dos exercicios, para que vexan como se puntúa.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN.-

1º EVALUACIÓN.- Faranse varios procesos de acabado distintos.( os indicados a principio de curso polo profesor).

Os exercicios serán baremados seguindo os criterios de cualificación.

A NOTA da avaliación sairá de dividir a suma das notas dos exercicios feitos polo/a alumno/a, os cales serán indicados ao principio de curso polo/a profesor/a.

Os exercicios que non se fixeron ou non son aptos poderanse facer na 2ª avaliación.

2ª EVALUACIÓN.- Faranse os exercicios marcados, máis os que non son aptos da 1ª avaliación.

CASO 1.- So teñen que facer os exercicios marcados para a 2ª avaliación.

Os exercicios non aptos faranse na 3ª avaliación.

CASO 2.- Teñen que facer os exercicios marcados para a 2ª avaliación, máis os NON APTOS, ou non feitos na 1ª avaliación.

A NOTA sae de dividir a suma de tódalas notas dos exercicios feitos, polo total de exercicios que teñen que facer na 2ª Avaliación

O/a alumno/a que suspenda poderá recuperar no período indicado para tal caso no derradeiro trimestre (Abril, Maio, Xuño).

PERÍODO DE RECUPERACIÓN.- O/a alumno/a ten que facer, neste período, os exercicios que lle falten por facer ou os que non sexan aptos ( cualificados con menos de 5). Se ao final deste período a/o alumna/o non ten terminados os exercicios con nota de 5 ou superior, terá o módulo de acabamentos en carpintería e moble suspenso.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Por tratarse de módulos de avaliación continuada, as actividades de recuperación das destrezas ou coñecementos non acadados realizaranse tamén de forma continuada ata que o alumno acade o mínimo esixible.

As avaliacións non superadas poderán selo na avaliación posterior, e en todo caso na avaliación de final de curso.

As probas de aptitude que se realizarán para comprobar se o/a alumno/a conseguiu adquirir os mínimos esixibles poderán constar de:

- Unha proba teórica dos contidos impartidos durante o curso.
- Unha proba práctica que englobe as técnicas básicas de preparación de soportes para aplicación ,xestión de residuos . Normativa aplicable.
- Unha proba práctica que englobe as técnicas básicas de mesturas de produtos,, xestión de residuos. Normativa aplicable.
- Unha proba práctica que englobe as técnicas básicas de aplicación de acabados, xestión de residuos. Normativa aplicable.

O alumno realizará a proba de preparación de soportes para acabado, proba de preparación de mesturas, proba de aplicación de acabados, proba de xestión de residuos, práctica ou teórica non superada, pero en todo caso deberá superar as catro para poder aprobar o módulo.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O/a alumno/a realizará unha proba de acabados que terá, unha parte práctica e unha teórica que englobarán os mínimos esixibles recollidos no apartado correspondente, debendo aprobar as dúas para dar por aprobado o módulo.

No poderá facer a proba extraordinaria si chega máis tarde da hora sinalada para facela.

As probas de aptitude que se farán para comprobar se o/a alumno/a conseguiu adquirir os mínimos esixibles constarán de:

- Unha proba teórica dos contidos impartidos durante o curso. A nota máxima é de 10 puntos. A nota mínima para aprobar será de 5 puntos. O valor de cada pregunta será o cociente de dividir 10 puntos polo nº de preguntas.
- Unha proba práctica que englobe o feito o longo do curso. O alumno proporcionárselle un soporte, necesario para facelo exercicio da proba. Calificarase do seguinte xeito:

#### CRITERIOS PRÁCTICOS-TALLER

O alumno disporá de un ou varios soportes, nos cales terá que realizar o proceso de acabado indicado polo/a profesor/a .

Cada exercicio práctico ten unha puntuación inicial de 10 puntos, os que se lles irá restando os puntos dos seguintes apartados se non os cumpre:

## 1.-Revisar soportes:

Atopar e reparar defectos. .... 1,0 punto.

## 2.- Preparar de soportes :

Lixado en cru.....1,0 punto.

Lixado entre capas.....1,0 punto.

## 3. - Mesturar produtos:

Elección do produto según o tipo de acabado..... 1,0 punto.

Mesturar os produtos según indicacións de F. T. Medidas de seguridade.....1,0 punto.

## 4.- Aplicación de produtos:

Elección e preparación de equipo/os, limpeza, engraxe.....1,0 punto.

Aplica medidas de protección. (E.P.I.s.).....1,0 punto.

Distancia axeitada na aplicación.....1,0 punto.

Regula os parámetros dos equipos para aplicar de forma correcta según a superficie.....1,0 punto.

## 5.- Secado e curado durante o proceso

Manipulación e apilado, tempos de secado e curado, atemperado

de soportes.....1,0 punto.

Cada exercicio considerase APTO si ten una nota mínima de 5 puntos.

O/a alumno/a aportará os EPIs necesarios para facer a proba. Puntuarase tendo en conta os criterios prácticos de cualificación de exercicios explicada no apartado 5.

O/a alumno/a fará a proba práctica e teórica, deberá superar as dúas para poder aprobar o módulo.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Aplicarase o procedemento de seguimento da programación según modelo MD.75 PRO 03 de Xestión de Calidade existente no centro.

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os/as profesores/as que imparten clase no grupo de Ciclo Medio de Carpintería e Moble, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións.

Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema online da páxina web [www.edu.xunta.es/programacions](http://www.edu.xunta.es/programacions), no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro ano.

Realizarase un seguimento diario das actividades a desenvolver por parte do profesor e alumno, co fin de comprobar que se impartiron todos os contidos destinados a conseguir os obxectivos para os cales foron deseñados.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

#### AVALIACIÓN INICIAL

Ao inicio do curso farase unha avaliación inicial conxunta que nos servirá para coñecer a tipoloxía de alumnos/as e os seus coñecementos de partida e a relación que teñen co mundo do moble. Realizarase un breve cuestionario sobre contidos xerais do módulo para ter nocións do nivel do alumnado matriculado e así poder decidir as medidas preventivas e/ou correctoras, de seren necesarias.

Esta proba non contará como nota, pero sí que nos proporcionará datos para establecer estadísticas e detectar posibles alumnos/as con deficiencias e carencias. Unha vez analizados obtidos os datos obtidos co cuestionario, trasladaráselle ao titor/a do curso un informe coas conclusións acadadas.

**8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

## MEDIDAS DE REFORZO

Naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceranse tarefas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán basicamente en apoio e atención máis persoal e próxima na supervisión dos traballos, que deba efectuar de forma autónoma o alumnado.

Para os/as alumnos/as con necesidades educativas especiais, que necesitan unha adaptación curricular significativa, aprobada pola inspección, de acordo co departamento de orientación do centro, seguirase o especificado en dita adaptación curricular, si se da este caso.

**9. Aspectos transversais****9.a) Programación da educación en valores**

A continuación expóñense os criterios a considerar de forma global, que en moitos casos van incluídos nas actitudes ou nos obxectivos das unidades:

## PRINCIPIOS EDUCATIVOS

## EDUCACIÓN PARA A PAZ:

- Educar nos valores de : xustiza, solidarizade e rechazo da violencia.Solución dialogada dos conflitos no ámbito escolar.Sentido de tolerancia para outras culturas.

## APORTACIÓN DA MADEIRA

- Introducirase na actitude e traballo diario da clase e traballo en equipo.

Pódese facer algunha análise de correlación entre determinadas prácticas de carpintería e o confort no fogar.

## EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA:

- Actuar con comportamentos responsables, de acordo cos valores cos que nos identificamos. Respetar e construír normas xustas de convivencia.

## APORTACIÓN DA MADEIRA

- Actuar de acordo cos modos propios da fabricación de mobles,exploración sistemática de alternativas, precisión na práctica realizada, esquemas, flexibilidade para modifica-los produtos e adaptalos ás normas da comunidade, respectando os aspectos de seguridade.

- Perseverancia na busca de solucións.

## EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS:

- Incorpora-los alumnos e alumnas á sociedade en plano de igualdade.Uso non discriminatorio da linguaxe e vocabulario entre alumnos.

Colaborar no desenvolvemento autónomo dos alumnos e alumnas por igual.

Traballo en equipo.

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Valores, actitudes e hábitos de respecto e protección do medio ambiente. Valora-la influencia do medio na saúde.

Proporcionar coñecementos para protexer-lo medio ambiente.

#### APORTACIÓN DA MADEIRA

- Valora-la aportación dos coñecementos técnicos, no desenvolvemento, e colaboración con outras ciencias, para coñecer-la situación actual do medio e prever-la situación futura considerando as variables que actúan, e a posibilidade de intervir para mellorar-lo proceso.

- Valorar o aspecto positivo do aforro enerxético e das enerxías alternativas para o futuro económico da comunidade

#### SAÚDE E CALIDADE DE VIDA

- Busca-lo benestar físico, mental, individual e social, desenvolando hábitos saudables

#### APORTACIÓN DA MADEIRA

- A madeira como material natural aumenta-la autoestima e interpreta-la correlación entre diversas variables e a saúde.

#### EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:

- Consumidor responsable e crítico ante o consumismo e a publicidade.

- Coñecemento dos mecanismos de mercado e dos dereitos do consumidor.

#### APORTACIÓN DA MADEIRA:

- Conseguir actitude crítica ante o consumo, a través da realización de actividades con medidas de aforro enerxético.

- Utilización dos coñecementos que adquiren nos módulos transversais (calidade, FOL, FCT..) para a realización das actividades propostas no taller de carpintería.

#### EDUCACIÓN PARA O LECER:

- Desenvolver hábitos culturais, deportivos, científicos ou técnicos, e sensibilidade pola natureza, para disfrutar do tempo libre.

#### APORTACIÓN DA MADEIRA:

- Aumenta-lo coñecemento do medio e valora-las distintas alternativas de deseño que mellor se adaptan ás nosas preferencias e ás necesidades sociais.

#### EDUCACIÓN VIAL:

- Sensibiliza-los alumnos e alumnas sobre accidentes e outros problemas de circulación.

- Adquirir hábitos de seguridade vial.

#### APORTACIÓN DA MADEIRA:

- A resolución, nalgúns casos, de prácticas relacionadas co entorno aportará momentos de reflexión sobre estes temas.

- O sentido espacial aumenta co estudo de deseños apropiados.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visitas a empresas do sector da madeira e charlas e actividades organizadas polo centro. Coa finalidade de achegar ao alumno o entorno laboral.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Cuestionario de avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar, un breve cuestionario, sobre os contidos xerais do módulo, para facer unha sondaxe do nivel do alumnado matriculado, para ter un punto de partida do nivel dos contidos, e así poder decidir as medidas preventivas e/ou correctoras de seren necesarias.